Xosé Vizoso: Quizais, un cabalo!

Xosé Vizoso, a pesar de que xa anda dobrando a sétima decena de primaveras, segue sendo un pícaro alegre de espírito e xeneroso de corazón.

Dos anos infantís conserva un eterno sorriso na faciana que disimula discretamente baixo un mostacho prominente; dos anos mozos quédalle o gusto pillabán pola chanza e o bon vivant.

Vizoso naceu cun lapis na man. Case desde o berce sentiu a urxencia de debuxar e desde entón foinos deixando probas dos seus trazos nas paredes, nas lousas, nos papeis ou onde cadrase.

Daquelas inquedanzas innatas foi agromando, tras a aprendizaxe guiada polo maxisterio do profesor Juan Puchades, ou por, entre outros, Isaac Díaz Pardo, o artista que hoxe coñecemos e recoñecemos, mestre sobranceiro da arte deste noso país.

A súa inmensa obra fala por si. Deseñador cerámico que deixou pegada imborrable en Sargadelos, ilustrador de libros de estilo inconfundible, cartelista primoroso, caricaturista insaciable, retratista sobrio, escultor, escenógrafo, muralista, tipografista...

Vizoso, de non ser o que foi, sería cabalo. E seríao xa desde os primeiros riscos bosquexados por aquel cativo bulebule que pasmaba ao paso das greas que cruzaban por diante da casa natal cara as San Lucas. E seríao hoxe pois segue compoñendo cada ano os carteis, habitados en exclusiva por cabalos, da feira grande mindoniense, cabalos que trotaron, trotan e aínda trotarán, como pouco, até os mil outonos de memoria.

O día de hoxe nin o de mañá rematarán, como sucedeu en todos os anos vividos por Vizoso, sen que colla un lapis e lle dea forma e alento a algún ser dese inmenso imaxinario que rebole na súa mente. Quizais, un cabalo!

Antonio Reigosa
Cronista oficial de Mondoñedo

Coordinación: Aurelia Balseiro García (Directora do Museo Provincial de Lugo).
Lugar: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo.
Entrada libre ata completar aforo.
Máis información: direccion@museolugo.org / 982 242 112

Xosé Vizoso

Xosé Vizoso, debuxante eterno

Conversa arredor da polifacética obra deste artista excepcional

24 de xaneiro de 2025

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Deseñador, cartelista, escultor, ceramista, ilustrador, muralista... Xosé Vizoso é un dos artistas gráficos máis senlleiros e prolíficos da Galicia recente. O seu traballo é recoñecible polo seu poderío visual e a súa profunda raigame na cultura enxebre. Cando non traballa é un caricaturista empedernido e veloz.

En 1968 entrou a traballar na recentemente creada factoría de Sargadelos en Cervo. Con Isaac Díaz Pardo como mentor, acadou unha gran pericia técnica e artística no deseño de figuras, vaixelas, medallas, grafismos, tipografías e todo canto proxecto xurdira. Xa cunha voz e estilo propios, creou algunhas das pezas máis memorables da marca: os Galos, os San Lucas, a Pomba ou o Quixote. Posiblemente a súa obra máis popular (e anónima ao tempo) sexa a columna de cervexa Zigurat. Díaz Pardo afirmou nos 80 que "o peso deseñístico da cerámica de Sargadelos gravita hoxe sobre Vizoso".

No eido do libro, ten deseñado centos de cubertas para editoriais galegas, sobre todo para Ediciós do Castro. Non é menos importante a súa labor como ilustrador de libros e publicacións. Explorou moi distintos rexistros gráficos sobre obras de Ferrín, Novoneyra, Alejo Carpentier, Celso Emilio Ferreiro ou Neira Vilas, co que tivo unha gran amizade. Tamén é coautor xunto a Aneiros dunha peculiar baralla de tarot á galega.

O mindoniense é tamén un magnífico cartelista. Os seus carteis teñen un selo inconfundible, sobre todo os de festas populares. A serie dos San Lucas de Mondoñedo -sempre cos cabalos presentes- recolle claramente as súas evolucións de estilo. Na serie das Queimadas de Cervo -auténticos aquelarres en papel- amosa o seu lado máis dionisíaco e carallán.

Xosé Vizoso é o primeiro autor vivo ao que se lle adica o Día da ilustración. E non por casualidade. Dixo Ferrín que Vizoso contribuíu de xeito decisivo á formación da paisaxe visual do noso tempo. Desde a AGPI queremos celebrar e reivindicar a Vizoso. Por oficio, por talento e por talante.

Alberto Guitián
AGPI (Asociación Galega de Profesionais da Ilustración)

PROGRAMA

17:00h:
Presentación da xornada a cargo de Iria Castro Fernández, Deputada delegada de Cultura da Deputación de Lugo, e Aurelia Balseiro García, Coordinadora deste faladoiro/ Homenaxe.

17:15h:
Proxección da curtametraxe documental sobre Xosé Vizoso e Sargadelos, dirixida por Aser Álvarez González, Director en Arraianos Producións.

Intervención do director da curtametraxe e coloquio co público asistente.

18:00h:
Faladoiro sobre a vida e obra de Xosé Vizoso, moderado por Aurelia Balseiro, no que participarán:

- Xosé Artiaga. Pintor, gravador e artista multimedia.
- Alberto Guitián. Debuxante, ilustrador e membro do equipo organizador do Día da Ilustración.
- Antonio Reigosa. Escritor e cronista oficial de Mondoñedo.

20:00h:
Debate-coloquio e posterior clausura.

Enlaces de interese:
https://diadailustracion.gal/
http://www.xosevizoso.com/
https://agpi.es/xose-vizoso-no-dia-da-ilustracion-2025/